(Fernandez de la Vega)

Lugo 17 - I - 75

S. D. Luis Seoane

Buenos Aires

Meu benquerido amigo:

O seu tempo debido recibín o teu libro "Arte Mural. La Ilustracion". Moi agradecido polo envío e pola cordial dedicatoria.

O texto leíno con moito interés polas noticias tan informativas que contén e polos xuicios tan sinceiros e xustos encol da túa propia obra. Vexo confirmado o que xa sabía: que perteneces a esa crase de artistas enteiramente conscientes dos seus propósitos.

Dada a importancia que ten o color na túa obra é moita pena que non se poida apreciar nas reproducións.

Xuntamente, paréceme moi atinado todo canto dis encol da importancia do color na arquitectura e no urbanismo e o seu desdén na época actual.

En canto a ese ~~conxuro~~ exconxuro do tempo polo estatismo, polo hieratismo, coido, efectivamente, que é unha das finalidade máis nobres e interesantes do arte plástico e, de certo, unha nota caracteristica, inconfundibel, do teu estilo.

Coido que tamén é moi interesante no teu libro ~~o~~ catálogo se ilustracións e anales, pois ninguén como ti mesmo ele pode aforrar ós futuros críticos e biógrafos o enorme traballo de catalogación. Botado que, nise senso, bótase de menos, nas reproduccións, a data correspondente.

Recibe unha forte aperta de teu amigo

e admirador

Celestino